

# V-ADRAL

Xosé Filgueira Valverde



Ediciós do Castro / ensaio



### 3. NOMES DE RIOS.

Un río pode ter moitos nomes, tantos coma os lugares por onde pasa. Non é coma a vila, o monte, a leira, que se contentan con pouco; porque as xentes das ribeiras coñéceno con alcumes distintos, e logo veñen os xeógrafos a escolle-lo que ten na foz, na vila máis soada ou no máis longo treito. E fíxase nos mapas e nos libros.

Aínda nos ríos dos que máis se fala, cando seguíde-la calce, polos camiños de sirga, e preguntades ás mulleriñas que lavan ou ós pescadores, iredes escoitando: —«Élle o río dos Muiños», «Chámanlle o Río do Castro», «...o da Veiga Longa», «...o da Ponte». E, por veces, ningún dos nomes é o «oficial».

Un regatiño de nada, o que emboca na praia do Rape, a carón da Area das Vacas, entre a Urceira e o Outeiro da Preiteanta, en Samieira (Poio), ten nada menos que once nomes: Do Muiño Vello, Freiría, da Tomada de Arriba, de Porto Xubiño, Cocho, da Fontaiña, da Escola, da Ama, de Fonte Mulleres, de Perdelo e do Rigueiro.

Destas indeterminacións veñen as dúbidas sobre cál é un verdadeiro río e cál o «afluentæ» que a él concorre. E xa non é litixio ante os ríos menores como o Deza e o Asneiro, senón que se ten dado nos caudais, como o Sil que leva auga e o Miño que colle a fama.

En troques os ríos dan nome a vilas (Xinzo de Limia), a comarcas (A Ulla), a rexións enteiras (O Minho). Por certo que na «Crónica Geral» pode lerse que «dese río lleva nombre aquela provincia Minea». Que ven cunha adición do Toledano «Loor de España» isidorían. E é pouco usado e glosado entre os «nomæ» de Galicia». Logo volveremos a lembralo.

Temos aquí moitos topónimos nos que entra o elemento «río» (Por certo, están por ve-las causas de que, nos romances peninsulares «rivus» teña sido elixido, desbotando «flumen», xa dende o tempo dos románs). En Galicia máis de dous centos de lugares levan o nome «Río» solo ou en composto: sesenta na Coruña, oitenta e dous en Lugo, vinteseis en Ourense, trinta e cinco en Pontevedra. O Dr. Piel anotou sesenta e cinco en Portugal.

A carón dos núcleos de poboación que se chaman Río, sen

máis —e mesmo temos parroquias dese nome— atopamos unha grande variedade: Riobao, Riobadas, Rioboo, e Riomao, Río Cobo, Río Cortiñas, Rioldolæes, Riolongo, Riomorto, Riomouro, Río Muiños, Río Pedroso, Río Pequeno e Río Maior, Rioseco, Riosubil, Riotorto, Riovello, Rioxuán, Rioxunto e, con xenitivo: de Agüeiro, de Ameneiros, da Ama, do Arco, de Area, de Bango, de Bois, de Camba, de Campos, do Castro, de Cereixido, de Costas, de Cortes, do Foxo, do Muiño, de Quintas, de Subuga, de Vexo, da Ucha, da Vila... E tamén Entrerriós, Riaña, Riñoá. E calificando, Oza dos Ríos. E de Rego, Rial, Real, Rial do Mato, Rialíño...

Outros nomes veñen de étimos prelatinos, coa raíz relativa a ríos, como «borb» ou «borm». Mais ése é xa outro choio, como tamén o dos que se refiren a canles, correntes, freixas...

Para rematar. Tendo os ríos tantas mencións no cantigueiro, son poucas as mostras hillozóísticas, anque algunha sexa moi fermosa:

«Río Miño vai caladiño,  
non me despertes ó meu meniño...».

As «amigas» de antano sentiron meirande irmandade coas ondas do mar ou coas arbores.

Penso que, na poesía dos anos vinte, foi Euxenio Montes o que soubo mellor dialogar co río:

«E nin siquiera ti, río  
has de poder ir ao ceo...».

«Faro», 25-VI-1981